

Xela Arias cuelga en la pared los dramas inconfesables que descubre a través de la poesía

Montse Carneiro

En su adolescencia, cuando Xela Arias conoció a Rimbaud y a los poetas franceses del XIX, se convenció de que aquello que leía era lo que ella quería, «educaron-nos para entender a poesía falseada, allea a nós, hermética e árida; estaba saturada de poemas de Bécquer e Rosalia e ler aquilo foi un descubrimento».

Hoy, su vinculación con la poesía se ha estrechado hasta convertirse en su mejor aliada. Recuerda que lo primero que escribió fue «unha especie de artículo que fixen cando tiña oito anos».

Escribe desde entonces, pero como de poesía no vive el hombre, prolonga su gusto por la literatura a través de su labor de coordinadora en un departamento de «Edicións Xerais».

Su última obra, editada e «ilustrada» con fotografías de Xulio Gil, se expone estos días en el Palacio Municipal de María Pita bajo el título «Tigres coma cabalos».

—¿Por qué «Tigres coma cabalos»?

—A expresión é un verso dun poema meu. Recolle a animalidade, a intuición, os sentimentos básicos que se expresan nesta obra.

—Sus poemas cuentan desamores, desencantos...

—Non me interesa falar da felicidade, iso xa se leva na cara; quero describir o que, como homes e mulleres, nos ensinaron a ocultar, todos os dramas internos que tanto nos molesta que nos denuncien.

—Para expresarlos debe tener una conciencia clara de los propios...

—Temos conciencia das crisis e os desaxustes persoais que provocan; non me gusta revolcarme sobre eles, pero sei que é necesario destapá-los, humillá-los.

—¿Cuáles son?

—A perversidade da que somos capaces, o pringados que podemos estar por amar a alguén, as capacidades brutais que levamos no fondo, o vendidos que nos teñen as poses...

—Parecen poemas de amor, ¿sólo habla de la pareja?

Non, se identifica cada situación cunha persona, pero non é



así. Un eu pode ser un tí, un tí pode ser un el, un el pode ser unha crise, un sentimento calquera. Sei que o motor do mundo son as relacións persoais, pero cando digo «non te quero», nalgún caso, o que me interesa dicir é que non quero a represión, a falsidade, a mentira...

Xela Arias editó un libro —«Denuncia del equilibrio»—, en el que analiza la necesidad del hombre de mostrarse ante los demás de un modo sereno y equilibrado, «teño cantidade de desequilibrios internos que hei de omitir se quero que a xente me mire cun mínimo de respecto e credibilidade».

—Sus poemas no tienen estructuras fijas, son libres, des-pistan...

—A poesía é un mundo supermarxinal, á xente precisa unha cultura da lectura poética e a poesía escrita en galego é un exercicio de francotiradores. Temos dereito a unha palestra onde dicir e recibir as cousas e, dese xeito, podería-se crear un ámbito máis aberto no que a xente entrase.

—Con la exposición, la poesía sale de su ámbito habitual...

—A idea de colgar os poemas nunha parede é suxerente e positivo. Hai que deixar que saia a rua, quitá-la do sillón do lector.

Xela Arias acaba con un desexo, «que nunca, nunca xamais, me diga alguén que non entende de poesía. A poesía non se entende, se sinte ou non se sinte, se fai ou non se fai».